

PROCEDIMENTO DE INGRESO AO 1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

XUÑO 2019

Os aspectos de carácter xeral da realización da proba de acceso ó grao elemental (calendario, inscrición, idade, etc.) estarán elaborados de acordo ao regulado no Decreto 198/2007, e na Orde do 14/4/05. Precisamente, en desenvolvemento do establecido na citada orde compren desenvolver os aspectos específicos do procedemento de ingreso ao 1º curso do Grao Elemental do Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga en virtude dos proxectos curriculares, da normativa curricular e tamén da experiencia docente e das características do alumnado do centro. Con todo isto se pretende acadar unha maior obxectividade na avaliación do resultado das probas, valorando a aptitude e potencialidade do alumnado para os estudos musicais e os criterios da idade idónea para o acceso a este ensino.

As probas de acceso se realizarán ao longo dunha xornada e nunha proba única que avaliará tres apartados:

- Aptitude Rítmica.
- Aptitude Auditiva- Melódica
- Aptitude Psicomotriz.

Os aspirantes deberán presentarse debidamente identificados co DNI, ou no seu defecto co Libro de Familia.

Contidos da proba

1º exercicio (2 puntos):

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes auditivo-melódicas do/a aspirante.

O exercicio consiste na escoita de 4 intervalos que o profesor tocará no piano unha soa vez e que o aspirante deberá distinguir a dirección dos mesmos (sube, baixa ou igual).

2º exercicio (1 punto):

Este exercicio ten como obxectivo avaliar a capacidade do aspirante para percibir e exteriorizar o ritmo e o pulso.

O exercicio consiste na escoita de 2 melodías nas que o aspirante terá que acompañar con movemento (desfilando e con palmas) ao ritmo da melodía.

3º exercicio (1 punto):

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes rítmicas do/a aspirante.

O exercicio consiste na escoita de 2 ritmos que o profesorado realizará dúas veces coas palmas e que despois o aspirante deberá repetir.

4º exercicio (2 puntos):

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes rítmicas e psicomotrices do/a aspirante.

O exercicio consiste na escoita de 2 ritmos que o profesorado realizará dúas veces con percusión corporal e que despois o aspirante deberá repetir.

5º exercicio (1 punto):

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes auditivo-rítmico-melódicas do/a aspirante.

O exercicio consiste na escoita de 2 pares de secuencias rítmicas e de 2 pares de secuencias melódicas que o profesor reproducirá unha soa vez e nas que o aspirante deberá distinguir se son iguais ou diferentes.

6º exercicio (2 puntos):

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes melódicas do/a aspirante.

O exercicio consiste na escoita de 2 pequenos fragmentos melódicos que o profesorado entoará dúas veces coa sílaba "NA" e que despois o aspirante deberá repetir.

7º exercicio (1 punto):

Este exercicio ten por obxectivo comprobar a capacidade do aspirante para aplicar as súas técnicas de entoación e precisión na afinación ao interpretar unha canción libremente escollida polo aspirante. No caso de que a canción escollida non permita a súa valoración se lle pedirá que cante unha canción popular, infantil ou tradicional que o aspirante coñeza.

Valoración da proba

A proba puntuarase de 0 a 10 puntos.

PUNTUACIÓN DEFINITIVA: A cualificación global da proba obterase multiplicando a cualificación final resultante da media ponderada, por o seguinte **coeficiente regulador da idade** acordado na CCP do 24 de abril de 2012:

Idade	CRI
7, 8 e 9 anos	1
10 e 11 anos	0.90
12 e 13 anos	0.85
14 anos	0.80

En caso de producirse un empate, terá sempre preferencia o alumno máis novo.

A proba será xulgada por un tribunal integrado por un profesor do Departamento de linguaxe musical e dous profesores das distintas especialidades do centro. A distribución de aspirantes por tribunal farase de xeito homoxéneo en relación á inscrición do alumnado de cara a unha mellor organización en canto á duración das probas, emprego das aulas do centro, etc. O conservatorio publicará convenientemente nos taboleiros informativos as diferentes convocatorias (día, hora, tribunal, etc.) dos aspirantes que deban efectuar a proba.

Unha vez rematada a proba de acceso se levantará a correspondente acta por tribunal, asinada por tódolos membros do mesmo. A dirección do centro procederá, en reunión conxunta cos presidentes dos tribunais, á adxudicación das prazas ofertadas entre aqueles aspirantes que obtiveran un mínimo de cinco puntos na proba. A dirección do centro publicará os listados correspondentes dos aspirantes ordenados por especialidade e puntuación. A adxudicación de prazas non será firme en tanto non se formalice a matrícula.

Rematado o proceso de adxudicación, a Dirección do centro fará pública a relación de vacantes por especialidade. Os aspirantes que superando a proba non obtiveron praza na especialidade elixida poderán permanecer en lista de espera na especialidade á que optaron na proba de ingreso ou solicitar outra entre as que figuren nesta relación. Os aspirantes que escollan unha nova especialidade instrumental mediante este procedemento perderán toda posibilidade de optar á especialidade solicitada no momento da inscrición na proba.

Criterios de avaliación

1. Diferenciar entre dous intervalos se soben, baixan ou son iguais. Este criterio pretende comprobar o grao de memoria e a capacidade do neno/a para discriminar auditivamente as posibles diferenzas entre dous fragmentos melódicos escoitados.
2. Acompañar con movemento dúas melodías sinxelas. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para percibir e exteriorizar o ritmo e o pulso dunha melodía básica.
3. Imitar ritmos con palmas ou con percusión corporal. Este criterio pretende comprobar o grao de memoria e a capacidade de reproducir con fidelidade a mensaxe recibida na súa realización motriz.
4. Diferenciar entre dous fragmentos rítmicos e melódicos, se son iguais ou diferentes. Este criterio pretende comprobar o grao de memoria e a capacidade do neno/a para discriminar auditivamente as posibles diferenzas entre dous fragmentos rítmico-melódicos escoitados.
5. Imitar breves estruturas melódicas coa voz. Este criterio pretende comprobar o grao de memoria e capacidade de reproducir con fidelidade a mensaxe recibida no seu aspecto sonoro.
6. Entoar unha melodía ou canción escollida polo neno/a. Este criterio ten por obxecto comprobar a capacidade do neno/a para aplicar as súas técnicas de entoación e xusteza de afinación a unha canción.

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.